

## Resolución de concesión de axuda

CONVOCATORIA 2020.4 DAS AXUDAS AOS SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO ESTRATÉXICO, PROFESIONALIZACIÓN, INNOVACIÓN E ADOPCIÓN DE SOLUCIÓNS DE DIXITALIZACIÓN PARA A SÚA REALIZACIÓN EN EMPRESAS GALEGAS (PROGRAMA RE-ACCIONA), COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL CON CARGO AO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

### 1. Antecedentes:

Por Resolución conxunta do IGAPE e a AMTEGA, do 18 de maio de 2020 (DOG núm. 106, de 2 de xuño de 2020), publicáronse as bases reguladoras das axudas aos servizos de desenvolvemento estratéxico, profesionalización, innovación e adopción de solucións de dixitalización para a súa realización en empresas galegas (programa Re-acciona), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

O artigo 6 das bases reguladoras dispón que, no relativo aos servizos definidos no artigo 1.1, a Área de Sociedade Dixital da AMTEGA será o órgano competente para a instrución do procedemento, e corresponde á persoa titular da dirección desta axencia resolver o procedemento, mentres que no relativo aos servizos definidos no artigo 1.2, a Área de Competitividade do IGAPE é o órgano competente para a instrución do procedemento e a persoa titular da dirección do instituto ditará a resolución. A presente resolución refírese, pois, aos servizos do artigo 1.1.

Para a avaliación das 44 solicitudes presentadas na convocatoria 2020.4 aplicáronse os seguintes criterios de valoración establecidos nas bases reguladoras da axuda:

a) Segundo o número de empregados da peme no último exercicio:

De 0 a 5: 5 puntos

De 6 a 15: 10 puntos

De 16 a 50: 25 puntos

51 ou superior: 15 puntos

b) Non ter executado algún servizo do mesmo en convocatorias anteriores do programa que finalizara nos dous anos anteriores á solicitude: 25 puntos.

c) Ter desenvolvido unha análise previa ou plan estratéxico onde se poña de manifesto a necesidade do servizo para o que se solicita a axuda: 25 puntos. Para a asignación desta puntuación, a análise deberá conter, polo menos: presentación da empresa, principais magnitudes económicas e organizativas, exposición da situación actual da empresa, proposta estratéxica, e de plans de acción motivados (ou borrador dos mesmos).

d) Actividades preferentes dos sectores estratéxicos do territorio recollidos na Axenda Dixital de Galicia (ADG2020), da Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0, que constitúe o Plan Director de la Industria de Galicia 2015-2020, definido no artigo 23 da Lei 13/2011, do 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia, ou referenciados no Reto 2 (O modelo industrial da Galicia do futuro) da estratexia RIS3 de Galicia: 15 puntos. En particular:

- Sectores de impulso á economía dixital recollidos na ADG2020.

- Sectores tractores: automoción; agroalimentación – mar – acuicultura; sectores primarios; pedra natural; confección – moda; industria marítima; madeira; turismo.

- Sectores emerxentes de gran potencia: industrias culturais e creativas; biotecnoloxía; industria da saúde; novos materiais; aeronáutica – aeroespacial; eco industrial.

- Soporte da nova industria: enerxía; industria TIC; manufactura avanzada.

e) Pola asociación a un clúster: 10 puntos.

No caso de empate na baremación, decidírase a favor do proxecto que obtivese máis puntos na valoración do criterio "a". Se aínda así se segue existindo empate, decidírase pola maior puntuación no criterio "b" e así sucesivamente. Esgotados estes criterios de desempate, se aínda así se segue existindo empate, co fin de promover a incorporación do principio transversal de igualdade enunciado no art. 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, decidírase a favor do proxecto no que a empresa participante teña implantado un plan de igualdade, segundo a declaración responsable que se cubrirá no formulario electrónico de solicitude e, en último caso, polo número de expediente máis baixo, que se outorga segundo a data de presentación da solicitude no Igape.



Unha vez analizadas conxuntamente polo órgano de avaliación as 44 solicitudes presentadas dentro do prazo establecido, tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador, segundo a acta do 18/02/2021, en aplicación dos anteriores criterios de avaliación, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Sociedade Dixital da Amtega ditou a proposta de resolución correspondente á CONVOCATORIA 2020.4 DAS AXUDAS AOS SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO ESTRATÉXICO, PROFESIONALIZACIÓN, INNOVACIÓN E ADOPCIÓN DE SOLUCIÓNS DE DIXITALIZACIÓN PARA A SÚA REALIZACIÓN EN EMPRESAS GALEGAS (PROGRAMA RE-ACCIONA), COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL CON CARGO AO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.

## 2. Antecedentes xurídicos

O artigo 6 das bases reguladoras dispón que, no relativo aos servizos definidos no artigo 1.1, a Área de Sociedade Dixital da AMTEGA será o órgano competente para a instrución do procedemento, e corresponde á persoa titular da dirección desta axencia resolver o procedemento, mentres que no relativo aos servizos definidos no artigo 1.2, a Área de Competitividade do IGAPE é o órgano competente para a instrución do procedemento e a persoa titular da dirección do instituto ditará a resolución. A presente resolución refírese, pois, aos servizos do artigo 1.1.

Polo exposto anteriormente procedo a darlle a miña conformidade nos seguintes termos.

## 3. Resolvo:

**Primeiro.** Aprobar a concesión das axudas en especie aos **40 beneficiarios** que figuran no Anexo I, para os servizos e polos importes do custo do servizo para a Amtega e do cofinanciamento privado que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles e que supoñen un total de **210.621,75 €** dos que **175.096,75 €** son axuda en especie.

O método aplicado para determinar o importe da axuda é o de custos reais.

Estas axudas incardínanse no réxime de axudas de minimis establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013) e para as empresas do sector pesqueiro no artigo 1 do Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28.06.2014) e para as empresas do sector agrícola no artigo 1 do Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013), modificado polo Regulamento (UE) nº 2019/316 da Comisión, do 21 de febreiro de 2019 (DOUE L 51, do 22 de febreiro de 2019).

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da axuda cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

Para a execución do servizo e a súa xustificación deberase ter en conta o disposto nos artigos 10 e 12 das bases reguladoras da axuda.

A axuda concedida confórmasse como a diferenza entre o importe do custo aboado pola Amtega pola prestación do servizo e o importe exixido á beneficiaria en concepto de cofinanciamento privado. O importe de dito cofinanciamento privado deberá ser ingresado polas empresas beneficiarias do servizo, antes da súa execución na conta da AMTEGA ES30 2080 0388 2831 1000 2653, indicando no concepto o número de expediente e o literal "Re-Acciona - Cofinanciamento privado da axuda". No caso de que dous meses antes da finalización do prazo de execución do servizo non se producira o ingreso, entenderase que o beneficiario renuncia á axuda, e archivarase o expediente. Este prazo poderá ser excepcionalmente mediante resolución do órgano competente para a instrución do procedemento, sempre que concorran causas xustificadas.

Condicións derivadas do cofinanciamento da axuda con fondos europeos:

Esta axuda está cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e, en particular:

Obxectivo temático 01: potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.

Prioridade de investimento 01.02: fomento do investimento por parte das empresas en innovación e investigación, desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do



ensino superior, en particular o investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente e o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes.

Obxectivo específico 01.02.01: impulso e promoción de actividades de I+i lideradas polas empresas, apoio á creación e consolidación de empresas innovadoras e apoio á compra pública innovadora.

Actuación 1.2.1.8: Actuacións de modernización tecnolóxica dos sectores produtivos.

Campo de intervención 082: Servizos e aplicacións das TIC para as pemes (incluídos os negocios e o comercio electrónico e os procesos empresariais en rede), laboratorios viventes, ciberemprededores e empresas emerxentes baseadas en TIC).

Liña de actuación: 03 - Actuacións de modernización tecnolóxica dos sectores produtivos - Programa TransformaTIC - Plan Peme Dixital.

O que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e o Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

A concesión desta axuda supón declarar que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as súas condicións e a súa aceptación a ser incluído na lista pública de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, de acordo co artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Tamén supón a recepción deste documento a obriga de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións. A detección de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) nos termos establecidos na Comunicación 1/2017 do SNCA, do 6 de abril, sobre a forma na que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea.

A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, xunto cos correspondentes xuros de demora. As irregularidades detectadas no gasto xustificado do beneficiario reducirán a axuda Feder da operación.

O beneficiario deberá someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente da axuda, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en especial a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, os órganos de control da Comisión Europea, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores e ás verificacións previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Consello. Para tal fin, deberá dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e abono dos gastos subvencionables, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control, durante, polo menos, un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos da operación. A Amtega informarlle da data de inicio a que se refire esta obriga.

O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control e análise de riscos que poida efectuar a Autoridade de Xestión do programa operativo e, se é o caso, os órganos competentes do Organismo Intermedio con axuda de ferramentas informáticas específicas da Unión Europea, en particular a aplicación informática Arachne.

O beneficiario deberá manter un sistema separado de contabilidade ou un código de contabilidade suficiente para todas as transaccións relacionadas coa operación.

Os indicadores de produtividade asociados a esta axuda son os seguintes:

Identificador: C001  
Nome: Número de empresas que reciben axudas (empresas)  
Unidade de medida: Número de empresas.  
Valor estimado para esta operación: 100

A axuda concedida ao beneficiario contribuirá á consecución do seguinte indicador de resultado:

Identificador: R036A  
Nome: Empresas (de 10 ou máis traballadores asalariados) que realizan actividades innovadoras



Método de cálculo: INE. Enquisa sobre Innovación nas empresas. Anual  
Valor de referencia : 1092

O intercambio electrónico de datos da operación farase a través do enderezo da internet <http://tramita.igape.es> , tal como se recolle no artigo 4 das bases reguladoras.

O organismo intermedio baixo cuxa xestión está o beneficiario do proxecto é a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, que abarca todo o ámbito da Xunta de Galicia e os organismos dependentes.

O OSF en cuxa senda financeira está enmarcado o proxecto é a Xunta de Galicia.

Esta operación contribúe á ITI AZUL: non.

O beneficiario deberá cumprir os seguintes requisitos de publicación e comunicación en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no Anexo XII, apartado 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013:

1. En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, deberá recoñecer o apoio da Amtega, da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional da Amtega e da Xunta de Galicia, a marca turística de Galicia e o logotipo do Xacobeo 2021, e mostrando:

- O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.
- Referencia ao Fondo Feder que da apoio ao proxecto.
- Referencia ao lema do fondo «Unha maneira de facer Europa».

O formato a utilizar é o seguinte:

## PROXECTO COFINANCIADO POR AMTEGA, IGAPE, XUNTA DE GALICIA E FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL DO PROGRAMA OPERATIVO 2014-2020

2. Durante a execución do servizo:

- Breve descrición no seu sitio de Internet, no caso de que dispoña dun, do proxecto, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Amtega, da Xunta de Galicia e da Unión, a marca turística de Galicia e o logotipo do Xacobeo 2021;
- Colocar polo menos un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), no que se mencionará a axuda financeira da Amtega, da Xunta de Galicia e da Unión, a marca turística de Galicia e o logotipo do Xacobeo 2021, nun lugar visible para o público, por exemplo, na entrada do edificio.

Características técnicas para a exhibición do emblema da Unión e referencia ao Fondo, de acordo co establecido no artigo 4 do Regulamento (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014:

- O emblema da Unión deberá figurar en cor nos sitios web. En todos os demais medios de comunicación, a cor utilizarase sempre que sexa posible.
- O emblema será sempre claramente visible e ocupará un lugar destacado. A súa posición e tamaño serán os adecuados á escala do material ou documento empregados. En pequenos artigos de promoción non será obrigatorio facer referencia ao Fondo.
- Cando o emblema da Unión e a referencia á Unión e ao Fondo correspondente se presenten nun sitio web serán visibles ao chegar ao dito sitio web, na superficie de visión dun dispositivo dixital, sen que o usuario teña que despregar toda a páxina.
- O nome "Unión Europea" sempre aparecerá sen abreviar. O tipo de letra debe ser: arial, auto, calibri, garamond, trebuchet, tahoma, verdana ou ubuntu. Non se empregará a cursiva, o subliñado nin outros efectos. O corpo do tipo utilizado deberá ser proporcional ao tamaño do emblema e de xeito que non interfira. A cor do tipo será azul reflex, negro ou branco, en función do contexto.
- Se se exhiben outros logotipos ademais do emblema da Unión, este terá como mínimo o mesmo tamaño, medido en altura e anchura, que o maior dos demais logotipos.
- O único logotipo válido é o formado polo emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea situada debaixo do mesmo.



Se ben, en toda comunicación relativa a fondos europeos deberase incorporar ademais unha referencia ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. Adicionalmente, empregarase o lema "Unha maneira de facer Europa".

**Segundo.** Denegar as 4 solicitudes presentadas polos interesados que se sinalan no anexo II polas causas sinaladas no mesmo.

**Terceiro.** Publicar a resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es) (apartado "Consulta de resolucións definitivas" <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual/resolucions-definitivas> ), de acordo co establecido no artigo 7.5 das bases reguladoras.

#### 4. Recursos:

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección da Amtega, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

#### Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	A Directora da Amtega Mar Pereira Álvarez	Santiago de Compostela (A Coruña)	A indicada na marxe esquerda da última páxina deste documento



## ANEXO I

### Proposta de concesión de axudas

CONVOCATORIA 2020.4 DAS AXUDAS AOS SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO ESTRATÉXICO, PROFESIONALIZACIÓN, INNOVACIÓN E ADOPCIÓN DE SOLUCIÓNS DE DIXITALIZACIÓN PARA A SÚA REALIZACIÓN EN EMPRESAS GALEGAS (PROGRAMA RE-ACCIONA), COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL CON CARGO AO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Significado da puntuación:

A: Segundo o número de empregados da peme no último exercicio (ata 25 puntos)

B: Non ter executado previamente servizo do mesmo tipo (25 puntos)

C: Ter desenvolvido unha análise previa que aconselle o servizo (25 puntos)

D: Actividades preferentes da Axenda Dixital de Galicia, Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0 ou reto 2 da estratexia RIS3 de Galicia: 15 puntos.

E: Pola asociación a un clúster: 10 puntos.

Expediente núm. (data de solicitude)	Titular	Servizo	Puntuación						Data inicio	Data límite de execución	Prazo de xustificación	Custo do servizo para a Admón (€)	Cofinancia- mento (€)	Axuda en especie (€)
			A	B	C	D	E	Total						
IG190.2020.4.195.DEDE (28/12/2020)	Golden Eggs, S.L.	Servizos para a definición dunha estratexia dixital da empresa	5	25	0	15	10	55	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	3.708,06	500,00	3.208,06
IG190.2020.4.110.DEDE (22/12/2020)	ACEUVE MANTENIMIENTO, S.L.	Servizos para a definición dunha estratexia dixital da empresa	25	25	0	0	0	50	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	3.708,06	1.000,00	2.708,06
IG190.2020.4.210.DEDE (28/12/2020)	ALTER SAUDE, S.L.	Servizos para a definición dunha estratexia dixital da empresa	25	25	0	0	0	50	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	3.708,06	1.000,00	2.708,06
IG190.2020.4.217.DEDE (28/12/2020)	INTERIORES CABEZA, S.L.	Servizos para a definición dunha estratexia dixital da empresa	25	25	0	0	0	50	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	3.708,06	1.000,00	2.708,06
IG190.2020.4.43.DEDE (04/12/2020)	BERCE PATRIMONIAL, SOC. COOP. GALEGA	Servizos para a definición dunha estratexia dixital da empresa	5	25	0	0	0	30	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	3.708,06	500,00	3.208,06
IG190.2020.4.62.DIECP (11/12/2020)	THUNE EUREKA, S.A.	Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	25	25	0	15	10	75	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	4.840,00	975,00	3.865,00
IG190.2020.4.169.DIECP (28/12/2020)	TEMPU S.L. CORREDURIA DE SEGUROS	Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	10	25	25	0	0	60	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	4.840,00	650,00	4.190,00
IG190.2020.4.162.DIECP (24/12/2020)	ATELIER GRAFICA VISUAL ,S.L.	Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	10	25	0	15	10	60	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	4.840,00	975,00	3.865,00



Expediente núm. (data de solicitude)	Titular	Servizo	Puntuación						Data inicio	Data límite de execución	Prazo de xustificación	Custo do servizo para a Admón (€)	Cofinancia- mento (€)	Axuda en especie (€)
			A	B	C	D	E	Total						
IG190.2020.4.71.DIECP (16/12/2020)	IP GLOBAL, S.L.	Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	25	25	0	0	0	50	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	4.840,00	1.300,00	3.540,00
IG190.2020.4.51.DIECP (09/12/2020)	Cúbica Comunicación, S.L.	Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	10	25	0	15	0	50	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	4.840,00	650,00	4.190,00
IG190.2020.4.202.DIECP (28/12/2020)	CLUBER SIGUETULIGA, S.L.	Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	10	25	0	15	0	50	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	4.840,00	650,00	4.190,00
IG190.2020.4.157.DIECP (24/12/2020)	FAUSTINO CARCELLER, S.L.	Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	10	25	0	0	10	45	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	4.840,00	650,00	4.190,00
IG190.2020.4.50.DIECP (09/12/2020)	ENVITA DIGITAL SOLUTIONS, S.L.	Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	5	25	0	15	0	45	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	4.840,00	650,00	4.190,00
IG190.2020.4.121.DIECP (22/12/2020)	Tecnoloxías da Información e Comunicación de Galicia, S.L.U.	Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	5	25	0	0	10	40	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	4.840,00	650,00	4.190,00
IG190.2020.4.61.DIECP (11/12/2020)	COINSCRAP FINANCE, S.L.	Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	10	25	0	0	0	35	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	4.840,00	650,00	4.190,00
IG190.2020.4.74.DIECP (16/12/2020)	Premium Leads, S.L.	Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	10	25	0	0	0	35	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	4.840,00	1.300,00	3.540,00
IG190.2020.4.102.DIECP (22/12/2020)	FAIR VALUE AUDITORES, S.L.	Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	10	25	0	0	0	35	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	4.840,00	650,00	4.190,00
IG190.2020.4.72.DIECP (16/12/2020)	IP WEB SERVICES, SL	Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	5	25	0	0	0	30	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	4.840,00	1.300,00	3.540,00
IG190.2020.4.73.DIECP (16/12/2020)	IF BLACKDEVICE, S.L.	Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	5	25	0	0	0	30	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	4.840,00	1.300,00	3.540,00
IG190.2020.4.167.DIECP (26/12/2020)	Anainas, S.C.G.	Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	5	25	0	0	0	30	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	4.840,00	650,00	4.190,00
IG190.2020.4.143.ASXEM (23/12/2020)	RONAUTICA QUALITY MARINAS, S.L.U.	Apoio na adopción de solucións de xestión empresarial en mobilidade	25	25	0	15	0	65	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	7.401,57	1.300,00	6.101,57
IG190.2020.4.180.ASXEM (28/12/2020)	DREAMS FACTORY ADV & DESING COMPANY, S.L.	Apoio na adopción de solucións de xestión empresarial en mobilidade	25	25	0	15	0	65	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	7.401,57	1.300,00	6.101,57
IG190.2020.4.151.ASXEM (23/12/2020)	Rodiñas Pretensados, S.L.	Apoio na adopción de solucións de xestión empresarial en mobilidade	25	25	0	0	0	50	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	7.401,57	1.300,00	6.101,57



Expediente núm. (data de solicitude)	Titular	Servizo	Puntuación						Data inicio	Data límite de execución	Prazo de xustificación	Custo do servizo para a Admón (€)	Cofinancia- mento (€)	Axuda en especie (€)
			A	B	C	D	E	Total						
IG190.2020.4.183.ASXEM (28/12/2020)	ORTEGAL OIL, S. L.	Apoio na adopción de solucións de xestión empresarial en mobilidade	25	25	0	0	0	50	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	7.401,57	1.300,00	6.101,57
IG190.2020.4.212.ASXEM (28/12/2020)	ATENDO CALIDADE, SL	Apoio na adopción de solucións de xestión empresarial en mobilidade	15	25	0	0	10	50	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	7.401,57	975,00	6.426,57
IG190.2020.4.30.ASXEM (26/11/2020)	GRUAS DONIZ, S.L	Apoio na adopción de solucións de xestión empresarial en mobilidade	15	25	0	0	0	40	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	7.401,57	1.300,00	6.101,57
IG190.2020.4.130.ASXEM (22/12/2020)	ENVERO COLONIALES, S.L.	Apoio na adopción de solucións de xestión empresarial en mobilidade	5	25	0	0	0	30	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	7.401,57	650,00	6.751,57
IG190.2020.4.189.EMCP (28/12/2020)	INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD, S.L.	Deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme	10	25	25	0	0	60	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	5.205,42	650,00	4.555,42
IG190.2020.4.165.EMCP (26/12/2020)	AVICOLA GRAO, S.L.	Deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme	15	25	0	15	0	55	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	5.205,42	1.300,00	3.905,42
IG190.2020.4.31.EMCP (27/11/2020)	KEYBIOLOGICAL, S.L.	Deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme	5	25	0	15	10	55	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	5.205,42	650,00	4.555,42
IG190.2020.4.23.EMCP (24/11/2020)	VALDECONSA, S.L.	Deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme	25	25	0	0	0	50	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	5.205,42	1.300,00	3.905,42
IG190.2020.4.29.EMCP (26/11/2020)	PIENSOS SENRA, S.L.	Deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme	10	25	0	0	0	35	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	5.205,42	650,00	4.555,42
IG190.2020.4.199.EMCP (28/12/2020)	Caamaño Tobío, Jorge	Deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme	10	25	0	0	0	35	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	5.205,42	650,00	4.555,42
IG190.2020.4.213.EMCP (28/12/2020)	REPRESENTACIONES CELSO ISLA, S.L.	Deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme	10	25	0	0	0	35	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	5.205,42	650,00	4.555,42
IG190.2020.4.26.EMCP (24/11/2020)	LEITE NOSO, S.L.U.	Deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme	5	25	0	0	0	30	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	5.205,42	1.300,00	3.905,42
IG190.2020.4.70.EMCP (16/12/2020)	CASTRILLON MARTINEZ, JOSE LUIS	Deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme	5	25	0	0	0	30	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	5.205,42	650,00	4.555,42
IG190.2020.4.87.EMCP (18/12/2020)	Do It Together , S.L.	Deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme	5	25	0	0	0	30	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	5.205,42	650,00	4.555,42
IG190.2020.4.128.EMCP (22/12/2020)	ENVERO COLONIALES, S.L.	Deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme	5	25	0	0	0	30	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	5.205,42	650,00	4.555,42





Expediente núm. (data de solicitude)	Titular	Servizo	Puntuación						Data inicio	Data límite de execución	Prazo de xustificación	Custo do servizo para a Admón (€)	Cofinancia- mento (€)	Axuda en especie (€)
			A	B	C	D	E	Total						
IG190.2020.4.182.EMCP (28/12/2020)	EFICIENCIA ECOLÓGICA, S.L.	Deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme	5	25	0	0	0	30	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	5.205,42	650,00	4.555,42
IG190.2020.4.201.EMCP (28/12/2020)	Horta da Lousa, S.C.	Deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme	5	25	0	0	0	30	25/02/2021	30/09/2021	31/10/2021	5.205,42	650,00	4.555,42
													TOTAL:	175.096,75

## ANEXO II

### Proposta de denegación de axudas

CONVOCATORIA 2020.2 DAS AXUDAS AOS SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO ESTRATÉXICO, PROFESIONALIZACIÓN, INNOVACIÓN E ADOPCIÓN DE SOLUCIÓNS DE DIXITALIZACIÓN PARA A SÚA REALIZACIÓN EN EMPRESAS GALEGAS (PROGRAMA RE-ACCIONA), COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL CON CARGO AO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Expediente núm. (data de solicitude)	Titular	Servizo	Motivo de denegación
IG190.2020.4.204.DEDE (28/12/2020)	GARCIA RODRIGUEZ, JUAN JESUS	Servizos para a definición dunha estratexia dixital da empresa	Incumprimento do artigo 1: o proxecto para o que se solicita axuda non está nas categorías incluídas en Re-acciona
IG190.2020.4.109.DIECP (22/12/2020)	Citious Team, S.L.	Definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	Incumprimento das condicións establecidas no artigo 10.2.e, da lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
IG190.2020.4.127.EMCP (22/12/2020)	GALIWONDERS, S.L.	Deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme	Incumprimento da condición establecida no artigo 2.2.b das bases reguladoras
IG190.2020.4.116.EMCP (22/12/2020)	THE DESIRE SHOP, S.L.	Deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme	Incumprimento da condición establecida no artigo 2.2.b das bases reguladoras

